

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE XULLO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

- Decreto polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da MSV (mellora seguridade viaria) na estrada PO-224, puntos quilométricos 2+440- 2+830 Santo André de Xeve, no concello de Pontevedra (clave PO/20/030.06).

ACORDOS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

- Acordo polo que se aproba o Plan para a subministración de equipamento aos grupos de emerxencia supramunicipais e agrupacións de voluntarios de Protección Civil no marco do sistema integrado de protección civil e emerxencias.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA, ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), para a selección do socio ou socios estratéxicos para a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

formalización do acordo de asociación para o desenvolvemento precomercial (*Civil UAVS Initiative*), actuación 01-Programa estratéxico 2021-2025 (expediente CUI-CPP/1-2021), e que prevé unha achega monetaria global por importe de corenta millón de euros (40.000.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para regular as condicións da axuda destinada á actualización e ampliación da Plataforma Innopharma da USC, por importe de cinco millóns de euros (5.000.000 €), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da Covid 19, de acordo cos artigos 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e 70 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Así mesmo, autorízase a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta previstos no convenio de conformidade cos artigos 62.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 48 da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coa ampliación do crédito da Orde do 22 de marzo de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2021, 2022 e 2023.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se fixan os prezos máximos de venda e renda das vivendas protexidas de protección autonómica en primeira ou posteriores transmisións.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Granada (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2021, 2022 e 2023 un programa de actuacións sobre o neofalantismo a través do Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación, por un importe total de noventa e oito mil catrocentos euros (98.400 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Paideia Galiza para desenvolver o proxecto Carta de Santiago por un importe de trescentos mil euros (300.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

subprograma Ramón y Cajal (convocatoria MEC 2014 e 2015), por un importe de doce mil setecentos cincuenta euros (12.750 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para completar as axudas ao persoal investigador principal dos programas Grants do Consello Europeo de Investigación (ERC), por un importe total dun millón novecentos cincuenta mil euros (1.950.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de atención baseado en Help-Desk a usuarios de sistemas de información dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de dous millóns douscentos dezaoto mil douscentos noventa e tres euros (2.218.293 €, IVE incluído) e un valor estimado de dez millóns novecentos noventa e nove mil oitocentos euros (10.999.800 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración de ecógrafos con destino aos servizos de Radiodiagnóstico de diversos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, por importe de cinco millóns seiscentos dous mil trescentos euros (5.602.300 €) IVE incluído, e un valor estimado do contrato de catro millóns seiscentos trinta mil euros (4.630.000 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, para o servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual e para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental, no concello de Baños de Molgas (expediente 72/2021). Importe de licitación: un millón seiscentos sete mil douscentos cinco euros con sesenta céntimos (1.607.205,60 €). Valor estimado: sete millóns

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novecentos corenta e sete mil setecentos vinte euros
(7.947.720 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a minimización do impacto das patoloxías bacterianas en criadeiros de bivalvos, aspectos prácticos e axuda á produción, por un importe total de cento sesenta e dous mil douscentos euros (162.200 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivendas protexidas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre melloras en infraestruturas educativas no verán de 2021.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de bens e contratación de servizos para facer fronte á pandemia da Covid-19, na área sanitaria de Ferrol, por importe de catrocentos trinta e catro mil cincocentos trinta e cinco euros con sesenta e sete céntimos (434.535,67 €).
- Informe sobre a oferta 2021 de prazas de formación sanitaria especializada en Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a demanda de terra agraria en Galicia.
- Informe sobre a solicitude á Comisión Europea para a declaración do estatuto de rexión libre de tuberculose bovina (infección causada polo complexo *M. tuberculosis*) para Galicia (provincias da Coruña, Lugo e Ourense).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA RENOVA A SÚA IDENTIDADE CORPORATIVA CUN DESEÑO MÁIS DINÁMICO, MODERNO E ADAPTADO AOS NOVOS TEMPOS DA COMUNICACIÓN

- A nova imaxe corporativa poderá actuar como elemento de cohesión moderno e homoxéneo, facilmente recoñecible para a cidadanía
- O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto que moderniza o logotipo da Administración autonómica, a tipografía e simplifica a arquitectura institucional de marcas
- Coa nova regulación evítanse duplicidades que poidan confundir os administrados, simplifícanse as imaxes gráficas e o uso de nomes propios en acrónimos

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto co que se actualizan os elementos básicos da súa identidade corporativa co obxecto de adoptar unha imaxe máis sinxela e dinámica que facilite a súa comprensión adaptada aos novos tempos da comunicación.

A regulación da imaxe da Xunta de Galicia e o uso da súa imaxe corporativa recóllense no Decreto 409/2009, do 5 de novembro. O tempo transcorrido e a constante evolución no ecosistema da comunicación fai aconsellable acometer a súa renovación cunha imaxe máis sinxela e dinámica acorde cos cambios da sociedade galega durante a última década.

A importancia que ten adquirido no eido da información a identificación visual require que a Administración galega non permaneza allea a esta realidade.

As modificacións que recolle o novo decreto afectarían a cor, o logotipo corporativo formado pola plasmación tipográfica da expresión "Xunta de Galicia", a tipografía de referencia e a arquitectura de marcas institucional.

Deste xeito a imaxe corporativa poderá actuar como elemento de cohesión moderno e homoxéneo, facilmente recoñecible para a cidadanía e para o resto das institucións. A nova regulación busca evitar duplicidades que poidan confundir os administrados e simplifica as imaxes gráficas e o uso de nomes propios en acrónimos de todas as axencias, así como das entidades que forman parte do sector público autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nova imaxe corporativa vai ser máis dinámica e permite ir evolucionando co tempo para adaptarse ás circunstancias de cada momento, orientándose cara a formas máis sinxelas que permitan unha fácil comprensión e identificación por parte dos cidadáns.

Tamén se aproba, a través deste decreto, o novo manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia, mediante o cal se determina o uso concreto dos elementos básicos desta identidade corporativa.

Os cambios lévanse a cabo co obxectivo de simplificar, estandarizar e ordenar, logo de detectar a necesidade de comunicar unha imaxe única, con independencia da xeraquía ou organización, que son cuestións cambiantes co cambio do tempo. Trátase dunha aposta por garantir a visibilidade da Xunta de Galicia, cunha linguaxe visual sinxela e moderna, en todos os ámbitos en que a Administración convive coa cidadanía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DE XUNTA DE GALICIA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A NOVA GLORIETA E A MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NA INTERSECCIÓN DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS PO-223 E PO-224 EN SANTO ANDRÉ DE XEVE

- As intervencións suporán un investimento que rolda os 935.000 euros co obxectivo de reforzar a seguridade viaria na contorna do centro escolar desta parroquia
- Mellorarase a intersección entre a PO-223 e a PO-224 con semáforos e unha glorieta, habilitaranse sendas para a unha mobilidade peonil segura na contorna do CEIP Santo André de Xeve e procederase á reordenación e ampliación de zonas de aparcadoiro
- Na zona frontal do colexio habilitarase un carril exprés para que os alumnos baixen do coche e accedan ao centro de xeito seguro
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento das actas previas e á licitación das obras no segundo semestre deste ano
- As actuacións están recollidas no convenio asinado entre a Xunta e Stop Accidentes para fomentar a cultura da seguridade viaria e complementase co proxecto de execución dunha nova senda na PO-223, entre os núcleos do Couso e Sobral

O Consello da Xunta de Galicia autoriza hoxe as expropiacións para a mellora da seguridade viaria na estrada autonómica PO-224, en Santo André de Xeve, no concello de Pontevedra, coa construción dunha nova glorieta na súa intersección coa estrada PO-223 e a mellora da mobilidade peonil en toda a súa contorna.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación rolda os 935.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 15 predios necesarios para a súa execución.

Trátase de desenvolver distintas actuacións nesta estrada para reforzar a seguridade viaria na contorna da intersección coa PO-223, tamén de titularidade da Xunta, no treito comprendido entre os

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

puntos quilométricos 2+440 e 2+830, e onde se sitúa o centro escolar CEIP Santo André de Xeve.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento das actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan cun prazo de execución de doce meses.

Mediante este proxecto actuarase na mellora da actual intersección en cruz entre as estradas autonómicas PO-223 e PO-224, con regulación con semáforos e unha glorieta que fomente a diminución da velocidade na zona.

A intervención prevé, ademais, habilitar un itinerario peonil e ciclista de 400 metros que permita conectar o núcleo de Sobral co colexio Santo André de Xeve.

Tamén se procederá á reordenación e ampliación de zonas de aparcadoiro na contorna do CEIP, que disporá de 27 prazas en batería, ampliarase a zona de aparcadoiro de buses actual e incorporaranse 18 prazas para profesores e empregados do centro educativo.

Na zona frontal do CEIP habilitarase un carril exprés, o coñecido como *kiss and ride* existente nos aeroportos, que estará deseñado para que os alumnos baixen do coche e poidan acceder ao centro de xeito seguro sen a compañía dos seus pais.

As actuacións proxectadas están recollidas na colaboración asinada entre a Xunta e Stop Accidentes, un convenio para o fomento da cultura da seguridade viaria que conta cunha achega da Xunta de 95.000 €. A intervención autorizada hoxe polo Executivo autonómico parte así das accións impulsadas no marco dun proxecto piloto da citada asociación, dirixido a facilitar desprazamentos máis seguros en contornas rurais, e contou coa implicación da comunidade escolar.

Esta intervención desenvolverase de xeito coordinado co proxecto de execución da nova senda na estrada autonómica PO-223, de 2 km de lonxitude, que configurará un percorrido continuo entre os núcleos do Couso e Sobral e atravesa o polígono industrial e o CEIP. O

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno galego autorizou a pasada semana as expropiacións necesarias para executar este itinerario, que suporá un investimento que rolda os 1,2 millóns de euros.

A actuación ten tamén como obxectivo favorecer unha mobilidade sustentable e unha contorna máis segura para os veciños e os escolares desta parroquia pontevedresa de Santo André de Xeve, coa construción dunha senda na vía de titularidade da Xunta que permita a circulación de peóns e de ciclistas non deportivos.

Plano de situación:



Planta xeral da actuación:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



A XUNTA DESTINOU 61 MILLÓNS DE EUROS PARA OS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAL E PARA PROTECCIÓN CIVIL

- O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe sobre o Plan para a subministración de equipamento aos grupos de emerxencia supramunicipais e agrupacións de voluntarios de Protección Civil no marco do sistema integrado de protección civil e emerxencias
- Desde o ano 2009 o Goberno galego realizou un enorme esforzo, tanto económico como de coordinación coas entidades locais con competencias -deputacións e concellos-, para completar o mapa de emerxencias de Galicia e dar un mellor servizo de atención aos cidadáns ante calquera accidente ou emerxencia
- O investimento total para o funcionamento dos GES desde que iniciaron o seu funcionamento ata este ano ascende a mais de 39

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

millóns de euros, aos cales hai que sumar mais de 7 millóns en material cedido aos concellos sede destes grupos, os cales dan cobertura a 189 concellos

- No que respecta ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil, a Xunta leva destinados desde o ano 2009 mais de 4 millóns de euros en axudas para o seu funcionamento e máis de 11 millóns en material

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe sobre o Plan para a subministración de equipamento aos grupos de emerxencia supramunicipais e agrupacións de voluntarios de Protección Civil no marco do sistema integrado de protección civil e emerxencias, no que se reflicte que o Goberno galego leva destinados nos últimos anos 61 millóns de euros aos GES e á Protección Civil.

O investimento total para o funcionamento dos GES desde que iniciaron o seu funcionamento ata este ano ascende a mais de 39 millóns de euros, aos cales hai que sumar mais de 7 millóns en material cedido aos concellos sede destes grupos, os cales dan cobertura a 189 concellos. Pola súa banda, no que respecta ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil, a Xunta leva destinados desde o ano 2009 mais de 4 millóns de euros en axudas para o seu funcionamento e mais de 11 millóns en material.

Desde o ano 2009 a Xunta de Galicia realizou un enorme esforzo, tanto económico como de coordinación coas entidades locais con competencias -deputacións e concellos-, para completar o mapa de emerxencias de Galicia e dar un mellor servizo de atención aos cidadáns ante calquera accidente ou emerxencia, e foron creados 4 consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento con 7 novos parques de bombeiros (6 na provincia de Lugo e 1 na provincia de Ourense).

Creáronse 33 grupos de emerxencias supramunicipais en áreas rurais con menor número de incidencia pero que contaban cuns tempos de resposta moi elevados ao estar a máis de 20 minutos de calquera parque de bombeiros e, tendo en conta que as agrupacións de voluntariado de Protección Civil teñen un importante papel na protección civil, leváronse a cabo campañas de promoción do voluntariado de protección civil, de ampliación da formación ao voluntariado a través da Academia Galega de Seguridade Pública; de ordes anuais para o financiamento dos gastos de funcionamento e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mantemento, e da dotación de equipamento de emerxencia aos concellos. Froito dese traballo creáronse 22 novas agrupacións.

Investimento 2021

A previsión de investimento para o ano 2021 relativa a material dotacional para os GES ascende a 1,9 millóns de euros dedicados principalmente a cubrir as necesidades de vehículos e o material de exarceramento dos novos GES que se porán en funcionamento durante o ano en curso.

A Xunta de Galicia continúa no ano 2021 co apoio aos concellos con servizos de protección civil, a través dunha orde de axuda para financiar os gastos de funcionamento de AVPC por importe de 340.000 euros e convenios coas catro asociacións provinciais por importe total de 22.000 €.

Tamén se está a tramitar unha orde de dotación de material por un importe total de 1.022.600 euros, con base na cal se cederán aos concellos 19 vehículos todoterreo tipo *pick-up*, 6 remolques para a atención ás emerxencias, 26 tendas de campaña para emerxencias, 8 coitelas para a retirada de neve e 8 espaxexedores de sal. O procedemento para a contratación da subministración deste material atópase en fase de presentación de ofertas e prevese a súa formalización no mes de outubro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA LANZA A PRIMEIRA ACTUACIÓN DO POLO AERESPACIAL 2025: A LICITACIÓN PARA SELECCIONAR ENTRE CATRO E OITO EMPRESAS TRACTORAS E QUE FAVORECERÁ A INCORPORACIÓN DE PEMES AO SECTOR

- A Xunta reserva 40 M€ para levar adiante esta iniciativa
- O obxectivo é impulsar ao redor de 80 proxectos de I+D a través de programas que contribuirán á atracción de firmas de referencia no sector dos vehículos non tripulados, ao financiamento e á xeración de emprego cualificado
- As empresas desenvolverán solucións que dean resposta á transformación ecolóxica e dixital e ao reto demográfico impulsando servizos públicos máis eficientes, mellorando a competitividade do tecido produtivo e creando emprego cualificado
- As principais compañías do sector amosaron o seu interese por formar parte desta actuación e traer a Galicia os seus proxectos
- Galicia agarda contar coa colaboración do Goberno central para que o Polo Aeroespacial obteña fondos europeos Next Generation, o que permitiría mobilizar ata 540 M€ entre investimentos públicos e privados e xerar ao redor de 3.000 empregos
- Desde a súa posta en marcha en 2015, favoreceu a participación de medio cento de pemes e que 60 solucións tecnolóxicas e produtos xa estean no mercado, como sistemas para a xestión de incendios, mostraxe de augas en encoros e atención de peregrinos con paradas cardio-respiratorias no Camiño de Santiago

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe lanzar a primeira das 30 actuacións previstas na nova Estratexia do Polo Aeroespacial de Galicia 2021-2025: a licitación para seleccionar as empresas tractoras que desenvolverán programas conxuntos de I+D durante os próximos cinco anos.

O Goberno galego destina 40 M€ a esta medida e agarda poder mobilizar achegas adicionais grazas á colaboración público-privada, tanto a través da atracción de fondos europeos como da participación do sector privado. O obxectivo da convocatoria é atraer entre 4 e 8 empresas tractoras, dar resposta aos grandes retos tecnolóxicos dos vehículos aéreos non tripulados -agárdanse

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsar ao redor de 80 proxectos de I+D- e crear emprego desde o coñecemento no ecosistema de Rozas. Deste xeito preténdese consolidar a pegada industrial do Polo, coa incorporación de máis pemes ás cadeas de valor das grandes empresas tractoras do sector aeoroespacial.

Os grandes retos que se intentarán abordar a través deste modelo de colaboración público-privada serán o ecolóxico -a través do control e a xestión da biodiversidade, tanto da fauna como da auga-, a transformación dixital -con especial atención á dependencia ou a sectores clave da economía galega como o agrario ou o turístico-, así como o reto demográfico, patrimonial e turístico, incidindo na sanidade rural ou na xestión eficiente do territorio e do patrimonio.

En todos estes eidos, o uso de vehículos non tripulados permite achegar solucións innovadoras para contar con servizos públicos máis adecuados ás necesidades da cidadanía e, por tanto, máis eficientes e seguros; así como xerar un efecto tractor sobre os sectores produtivos e as empresas con capacidade de innovación, impulsando a competitividade do tecido empresarial galego e a creación de emprego cualificado -impulso do talento en Galicia-.

Para chegar a estes acordos, a Xunta de Galicia ten deseñado un innovador modelo de colaboración público-privada que se aplica por primeira vez nas políticas de innovación e industria en España. A fórmula empregada será a licitación de compra pública precomercial co obxectivo de investigar e desenvolver tecnoloxías disruptivas arredor dos sistemas non tripulados, coa participación de empresas e centros de coñecemento galegos.

Posicionamento internacional

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), publica esta licitación co convencemento de que a atracción de máis empresas é indispensable para crear un ecosistema en Galicia, fomentar sinerxias para o desenvolvemento do sector e mellorar o posicionamento galego neste segmento a nivel internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, esta licitación amplía a potencial achega de investimentos por parte das empresas, reforzando este modelo público-privado que contribuíu a lograr os resultados acadados nos últimos cinco anos da man de empresas tractoras como Indra e Babcock, ao tempo que se potencia o ecosistema rexional de I+D+i.

Neste sentido, os pregos da licitación recollen unha etapa de peche financeiro, na cal tanto a Xunta coma os licitadores poderán comprometer maiores fondos para a execución dos programas conxuntos de I+D, mantendo as portas abertas á canalización de maior financiamento unha vez que se resolvan as incertezas sobre o papel das comunidades autónomas nos fondos europeos Next Generation, permitindo ás empresas realizar o dito peche financeiro do programa ao longo do ano 2022.

Cómpre destacar que as principais empresas do sector xa teñen amosado o seu interese por formar parte desta actuación e traer así a Galicia os seus proxectos.

A licitación enmárcase na estratexia para o período 2021-2025 que se enfoca na creación de novos mercados e en seguir avanzando neste sector aproveitando tanto as oportunidades que se consideran de cara aos próximos anos, como o contexto actual en que se priorizarán proxectos capaces de contribuír á reactivación económica. Neste sentido, o Polo Aeroespacial está aliñado tanto coas prioridades fixadas a nivel europeo como estatal. Así, Galicia agarda obter o apoio do Goberno para recibir fondos Next Generation, o que permitiría acadar a mobilización público-privada de 540 millóns de euros e xerar ao redor de 3.000 empregos. O Polo conta xa cun orzamento comprometido de 70 M€ para os vindeiros cinco anos.

Balance desde 2015

Desde a súa posta en marcha en 2015, o Polo Aeroespacial favoreceu a mobilización de 164 M€ e situou a Galicia como a rexión de referencia neste novo sector da alta tecnoloxía.

Ao longo destes últimos cinco anos teñen participado medio cento de pemes e centros de coñecemento galegos, coa implicación de máis de 900 profesionais. Ademais, desenvolvéronse un total de 655 solucións tecnolóxicas e produtos dos que ao redor de 60 xa están

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no mercado, como un sistema de detección e seguimento de pragas forestais, outro de xestión do territorio, un sistema automático de mostraxe de augas en encoros, outro de xestión de incendios e mesmo un para a atención de peregrinos en parada cardiorrespiratoria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACHEGA 5 M€ PARA SEGUIR AVANZANDO NO OBXECTIVO DE CONVERTER GALICIA NUN POLO DE INNOVACIÓN ABERTA NO DESCUBRIMENTO DE FÁRMACOS

- O Consello da Xunta de Galicia acordou esta mañá a sinatura dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar a actualización e a ampliación da plataforma Innopharma, liderada polos doutores Ángel Carracedo e Mabel Loza
- Destinaranse á adquisición e actualización de equipamento científico-técnico, á contratación de persoal para a posta en marcha e o manexo da tecnoloxía, así como para o acondicionamento das instalacións
- O obxectivo é cubrir o oco entre a investigación básica en novos mecanismos terapéuticos e a súa aplicación industrial, contribuíndo á atracción de empresas tractoras e de talento xerador de emprego cualificado
- Galicia ratifica, deste xeito, o seu compromiso coa biotecnoloxía reflectido na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, asinar un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar con 5 millóns de euros a actualización e ampliación da plataforma Innopharma, especializada no descubrimento temperán de fármacos. Deste xeito, o Goberno galego avanza no seu obxectivo de converter Galicia nun polo de innovación aberto neste ámbito.

Esta colaboración permitirá a Innopharma actualizar e ampliar as súas infraestruturas para continuar co seu obxectivo de contribuir a que novas entidades cheguen aos pacientes, ofrecéndolles aos grupos de investigación biomédica do sistema universitario de Galicia e dos institutos de investigación sanitaria o seu apoio na xeración de produtos e servizos orientados á saúde e á seguridade dos compostos químicos.

Deste xeito, os 5 M€ -financiados con fondos Feder dentro do marco do React-UE- destinaranse á adquisición e actualización de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

equipamento científico-técnico para aumentar as súas prestacións e mellorar as súas capacidades tecnolóxicas con metodoloxías e tecnoloxías automatizadas compatibles co tratamento a través de *big data*, contratación de persoal para a posta en marcha e o manexo da tecnoloxía, así como para o acondicionamento das instalacións.

Con este convenio agárdase atraer empresas tractoras, así como o talento, xerando emprego cualificado. Ademais, preténdese aumentar a capacidade do sistema de I+D+i galego para o descubrimento temperán e o desenvolvemento de fármacos en Galicia, potenciar a posición no eido da dixitalización e o *big data* de Innopharma e dinamizar as colaboracións co sector empresarial mellorando a súa competitividade.

Acordos con 24 centros de investigación

A plataforma Innopharma, nacida en 2012 e liderada polos grupos de Medicina Xenómica e Biofarma da USC a través dos doutores Ángel Carracedo e Mabel Loza, respectivamente, supuxo unha oportunidade para a creación dun polo de valorización da ciencia aplicada en descubrimento de fármacos en España.

Grazas a esta iniciativa, Galicia aparece nos mapas globais de innovación farmacéutica. De feito, está acreditada pola Comisión Europea como unha das oito plataformas de altas capacidades do *European Research Infrastructures Consortium*.

Ademais, a través de Innopharma, asináronse acordos con 25 centros de investigación, investigadores principais e oficinas de transferencia de tecnoloxía, e creouse unha rede de descubrimento de fármacos española.

Esta iniciativa, que pretende cubrir o oco existente entre a investigación básica en novos mecanismos terapéuticos e a súa aplicación industrial, complementase co traballo da Fundación Kaertor para potenciar o sector farmacéutico en Galicia.

Con este novo apoio, a Xunta mantén o seu compromiso co impulso da biotecnoloxía, unha das prioridades da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia que traballa por que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a Comunidade sexa líder no sur de Europa no eido da innovación para a mellora da calidade de vida.

Tamén supón un avance na constitución dun polo de innovación no campo biotecnolóxico, sumándose a medidas como a Estratexia de consolidación da biotecnoloxía 2021-2025, ao Hub de innovación dixital DataLife, ao centro de fabricación avanzada Sionlla Biotech, á incubadora Bioincubatech, así como ás unidades mixtas de investigación -tanto de oncoloxía como de descubrimento temperán de fármacos- e á Business Factory Medicines.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA OS FONDOS DA ORDE DE AXUDAS DE CASAS DO MAIOR PARA QUINTUPLICAR A SÚA EXTENSIÓN NESTE ANO 2021

- Auméntase a partida inicial ata os 6,2 millóns de euros para dar resposta ao éxito de solicitudes e pasar dos 20 centros actuais aos 100
- Mantéñense as novidades que amplían o perfil do usuario, que xa non deberá ter grao I ou II de dependencia, senón que poderá ser calquera persoa maior autónoma
- As persoas promotoras poderán prestar servizos de desprazamento desde e cara a estes centros, para o que a Xunta ofrece axudas de 5 € por persoa e día
- Destinaranse 1,2 millóns de euros para a adecuación das casas, cun límite de 15.000 € por centro; e de 5 millóns de euros para o seu funcionamento diario, con 19.600 anuais por centro

O Consello da Xunta de Galicia acordou incrementar o crédito inicial destinado a ampliar a extensión da rede de casas do maior neste ano 2021. Deste xeito, poderase quintuplicar o seu alcance ao pasar dos 20 centros postos en marcha na actualidade a máis de 100. Isto implica aumentar os fondos ata os 6,2 millóns de euros, é dicir, cinco veces máis que na primeira edición do programa.

Este proxecto piloto tivo uns resultados moi satisfactorios, o que levou ao Goberno galego a multiplicar o número de centros. Nun primeiro momento lanzouse unha convocatoria para abrir 60 novas casas, pero ante o éxito de solicitudes decidiuse ampliar o investimento para poder chegar ao centenar de centros.

Así mesmo, manteranse as novidades marcadas na anterior convocatoria. Deste xeito, elimínase o requisito de que os concellos deben ter menos de 5.000 habitantes para estender o servizo a todos aqueles que non teñan no seu termo municipal un centro de día ou similar, aínda que seguirán primando os municipios pequenos. A segunda novidade é que se amplía o perfil de persoas que poden acudir. Xa non será necesario ter un grao I ou II de dependencia, senón que tamén poderán beneficiarse persoas maiores autónomas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En terceiro lugar, increméntase o servizo que poden prestar as persoas que promoven unha casa do maior para que poidan tamén asumir os desprazamentos das persoas maiores usuarias desde e cara a estes centros. Nestes casos, a Xunta ofrécelles ás promotoras unha axuda de 5 euros por persoa e día.

Axuda para a adecuación e o mantemento

Dentro desta partida de 6,2 millóns de euros, o Goberno galego ofrece 1,2 millóns para a adecuación das casas, cun límite de 15.000 euros por centro; e 5 millóns de euros para o seu funcionamento diario, con 19.600 euros anuais por cada casa do maior ata o ano 2023.

Ademais, para facilitar a xestión, a convocatoria recolle anticipos das axudas. No caso da partida de adecuación, anticipase ata o 80 %; e no dos fondos para o seu funcionamento diario, poderá adiantarse ata o 100 % durante o primeiro ano e ata o 75 % durante os dous seguintes.

Estes centros atenden de forma totalmente gratuíta un máximo de 5 persoas maiores de 60 anos durante ata oito horas diarias de luns a venres, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade, posto que os seus responsables teñen formación ou experiencia profesional específica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONVOCA AS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS CON INCENTIVOS DE ATA 20.000 EUROS POR INMOBLE

- Esta liña de subvencións é unha das medidas recollidas no Pacto social pola vivenda, impulsado polo Goberno galego
- A convocatoria para este ano, que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*, ten un orzamento de 450.000 euros
- Poderá subvencionarse a compra de vivendas de réxime xeral ou especial de nova construción ou procedentes da rehabilitación

A Xunta de Galicia convoca as axudas para a adquisición de vivendas protexidas con subvencións de ata 20.000 euros por inmovible.

O Consello da Xunta deu conta esta mañá da resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivendas protexidas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, dotada con 450.000 euros, que será publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia*; deste xeito abrírase o período de solicitudes con prazo ata o 30 de setembro.

Esta medida é unha das novas liñas de incentivos que se fixaron no Pacto social pola vivenda, impulsado polo Goberno galego.

Grazas a estas subvencións, as persoas que adquiran unha vivenda de protección autonómica de réxime xeral ou especial de nova construción ou procedentes da rehabilitación poderán acceder a unha axuda do 20 % do custo cun máximo de 20.000 euros, que son os que poderá recibir un menor de 35 anos que compre un inmovible nunha cidade. Para o resto de solicitantes, esta subvención oscilará entre os 12.000 e 16.000 euros, segundo a área xeográfica en que se atope o concello.

En relación cos requisitos para os posibles beneficiarios, debe ser adquirente ou adxudicatario, en primeira transmisión, dunha vivenda de protección autonómica ou ter subscrito –con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021– un contrato privado de compravenda, visado polo IGVS ou, de ser o caso, unha escritura pública de compravenda que conteña as cláusulas obrigatorias derivadas da cualificación definitiva da vivenda.

Prezos máximos de venda

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou o acordo polo que se fixan os prezos máximos de venda e renda das vivendas protexidas de protección autonómica en primeira e posteriores transmisións.

Na actualidade os prezos que rexen son os establecidos hai 12 anos, o que provoca que non sexa viable a súa construción. Así, decidiuse actualizar estes módulos co obxecto de impulsar a súa edificación e reflectir a suba de prezos das materias primas e os novos requisitos introducidos no Código técnico da edificación. Os axustes están avalados polo Observatorio Galego da Vivenda.

En todo caso, os prezos do alugueiro de vivendas protexidas permanecen estables e tampouco se aplican ás protexidas de promoción pública, que son as destinadas aos colectivos con maiores dificultades de acceso, e nas cales a viabilidade da súa construción queda garantida dado que actualmente son as promovidas polo IGVS.

Cómpre lembrar que a Xunta tamén ten habilitadas outras liñas de axudas para fomentar a compra, cuxo prazo aínda permanece aberto ata o 1 de setembro. Trátase das de adquisición de vivenda en centros históricos, que prevén este ano un investimento de 600.000 €, e das de compra en concellos de menos de 5.000 habitantes por persoas menores de 35 anos, cun orzamento de 800.000 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO INICIA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

- O obxectivo é crear un marco normativo para regular o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración das augas
- Crearase un novo modelo de xestión para garantir a calidade nos servizos, a eficiencia na explotación das infraestruturas e a viabilidade económica dos sistemas
- Augas de Galicia poderá asumir a xestión do abastecemento, saneamento e depuración dos concellos que voluntariamente o soliciten, coa implicación das deputacións no financiamento das obras
- Incentivarase a xestión profesionalizada e especializada dos servizos da auga, partindo do coñecemento minucioso dos sistemas e da ordenación completa das súas instalacións
- Priorizaranse as actuacións nas redes co fin de limitar as infiltracións de augas brancas e as verteduras contaminantes, aumentando a eficiencia e evitando os grandes investimentos nas depuradoras
- O novo modelo implica igualdade de trato e de condicións en todo o territorio, con prezos únicos e xustos no conxunto da Comunidade
- Reordenaranse os tributos xa existentes cunha denominación acorde ao recurso que se grava, sen crearlles novas taxas aos usuarios

O Consello da Xunta acordou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. O obxectivo é a creación dun marco normativo para regular o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración das augas, creando un novo modelo de xestión que pretende garantir a calidade dos servizos aos cidadáns, a eficiencia na explotación das infraestruturas e a viabilidade económica dos sistemas.

A Xunta considera necesario avanzar neste novo modelo que axude as entidades locais ante as dificultades contrastadas, tanto técnicas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como financeiras, que teñen moitos municipios para exercer con eficacia as competencias en materia de augas, que inciden na calidade e na saúde das propias persoas, no medio natural e en distintas actividades económicas como a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou o turismo.

Nos últimos anos a Comunidade galega experimentou un salto cualitativo na extensión territorial dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, ao cal contribuíu, en gran medida, a mobilización por parte da Xunta de máis de 1.100 millóns de euros desde 2009 na execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio aos municipios no exercicio das súas competencias. Estas intervencións e investimentos incidiron na mellora dos indicadores da calidade das augas e no nivel de cumprimento das normativas comunitarias na materia.

Con todo, a execución das infraestruturas hidráulicas debe ir acompañada dunha boa xestión e do mantemento que permita prestar os servizos con calidade e eficacia, algo que supera a capacidade técnica e económica de moitos municipios galegos, en gran medida, debido ás propias singularidades do territorio como a complexa orografía ou a dispersión da poboación.

Por iso, a Xunta considera conveniente establecer un marco normativo que aposta pola coordinación e a implicación de todas as administracións con competencias na materia: a Xunta, as deputacións e os concellos. De aí que o texto legal estableza instrumentos de cooperación que garantan a corresponsabilidade e o cofinanciamento na programación de investimentos necesarios para a mellora do ciclo integral da auga.

Segundo o previsto no anteproxecto de lei, Augas de Galicia poderá asumir a xestión dos servizos do ciclo da auga dos concellos que voluntariamente o soliciten e debe contar coa implicación da deputación provincial correspondente no financiamento das obras que sexan precisas.

O novo modelo incentiva a xestión profesionalizada e especializada dos servizos da auga partindo do coñecemento minucioso dos sistemas e da ordenación completa das súas instalacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais priorizaranse as actuacións nas redes co fin de limitar as infiltracións de augas brancas e as verteduras contaminantes, aumentando así a eficiencia dos sistemas e evitando os grandes investimentos nas depuradoras.

O novo modelo implica, ademais, igualdade de trato e de condicións en todo o territorio cun modelo único e igualitario. Cómpre lembrar que, no día de hoxe, en Galicia conviven distintos modelos de xestión da auga, desde a xestión municipal dos propios sistemas, consorcios, mancomunidades e sociedades supramunicipais; e depuradoras que son xestionadas directamente por Augas de Galicia como axuda aos concellos nas súas competencias municipais. Na actualidade son 28 as depuradoras que xestiona directamente Augas de Galicia, que supoñen unha achega anual da Xunta de 17,7 millóns de euros.

O anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, que agora inicia a súa tramitación, tamén prevé prezos únicos e xustos no conxunto da Comunidade.

Co fin de garantir a viabilidade económica e financeira na xestión da auga e permitir a recuperación dos custos dos servizos, garantindo a súa viabilidade e a aplicación dos principios de "quen usa, paga" e "quen contamina, paga", reordenanse os tributos existentes cunha denominación acorde ao recurso que se está gravando pero sen crear novas taxas que repercutan nos usuarios.

O anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga inicia a súa tramitación co obxectivo de que poida ser aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o vindeiro outono para a súa remisión ao Parlamento de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA E A USC LANZARÁN UN PROXECTO DIXITAL PARA INVESTIGAR SOBRE O NEOFALANTISMO DO GALEGO

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un convenio para analizar a incorporación do uso do galego por parte das persoas que tiveron o castelán como primeira lingua
- A través dunha web e unha rede social favorecerase a creación de comunidades virtuais que usen o galego e servirá tamén como vía de contacto entre empresas
- Tamén se deu luz verde á renovación dun convenio coa Universidade de Granada para impulsar a docencia, investigación e promoción do galego en Andalucía
- O Goberno autonómico continúa traballando para promover a lingua galega en todos os ámbitos sociais

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a dúas iniciativas que suporán afondar na investigación e divulgación do uso da lingua galega. Por unha banda, a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela colaborarán nun proxecto que usará as tecnoloxías para avanzar no estudo do neofalantismo. En concreto, analizarán como está a ser o proceso de incorporación de uso do galego por parte das persoas que tiveron o castelán como primeira lingua. Por outro lado, o Consello da Xunta tamén deu luz verde a un convenio para impulsar a docencia, investigación e promoción da lingua e cultura galegas na Universidade de Granada, no marco dos convenios periódicos da Xunta con distintas universidades españolas e estranxeiras para promover o estudo do galego.

En virtude do convenio autorizado coa Universidade de Santiago de Compostela, o Goberno autonómico financiará o 60 % do proxecto do Grupo de Investigación Novos Medios da USC sobre neofalantismo. A proposta consiste no deseño dun sitio web e social para implicar distintos colectivos que optaron por incorporar a lingua galega nas súas interaccións cotiás. Inclúirase a posta en marcha dunha ferramenta tecnolóxica interactiva que funcionará a xeito de rede social entre a comunidade neofalante e favorecerá crear comunidades virtuais de todo o mundo que empreguen o galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A web servirá tamén como fío de contacto entre os distintos sectores que empregan a lingua galega para facer negocio, polo que se creará unha área empresarial específica na web destinada a conectar responsables de empresas ou persoas interesadas en crear negocios e a servir de enlace entre estes, en distintos países, a través da lingua galega. O proxecto será desenvolvido desde este ano e ata 2023 por parte da USC.

Por outro lado, o Consello da Xunta tamén acordou a sinatura dun convenio coa Universidade de Granada para a docencia, a investigación e a promoción da lingua e a literatura galegas, dando así continuidade á relación de colaboración que manteñen desde o ano 1998. O acordo, por 12.000 euros, terá unha vixencia ata 2024 e suporá reforzar a ensinanza do galego na Facultade de Filosofía e Letras desta universidade coa organización de cursos, conferencias, seminarios, congresos...

A autorización destes convenios completa o traballo da Xunta de Galicia na súa liña para promocionar a lingua galega en distintas partes do mundo e en todos os ámbitos sociais. Trátase dunha estratexia que permite que na actualidade o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais e internacionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAIDEIA PROMOVEN UNHA REFLEXIÓN SOBRE A SOCIEDADE DO FUTURO TRAS A PANDEMIA CO ENCONTRO 'CARTA DE SANTIAGO'

- O Consello da Xunta acordou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Paideia para organizar o que será un dos grandes eventos do Xacobeo 21-22
- Este proxecto internacional, presentado xa este mes, celebrarase en novembro na Cidade da Cultura e atraerá a Galicia figuras internacionais líderes nos seus campos para abordar os retos da sociedade do futuro

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Paideia para a organización de *Carta de Santiago*, o encontro internacional presentando xa este mes promovido no marco do Xacobeo 21-22 que traerá á capital galega figuras líderes no seu campo para promover un debate sobre a sociedade do futuro e os desafíos xerados polo impacto da pandemia.

Celebrarase o próximo novembro na Cidade da Cultura e a Xunta contará coa Fundación Paideia como aliada estratéxica neste evento pioneiro que proxectará Galicia na escena internacional como punto de referencia no debate global que se está a producir para atopar respostas aos cambios que se están a vivir.

Do 5 ao 7 de novembro, no novo edificio Fontán da Cidade da Cultura, *Carta de Santiago* contará coa participación de especialistas en diversas áreas, como a cultura, economía, ciencia, o ambiente e a cidadanía, entre outras. Das conclusións deste encontro nacerá unha publicación que, ademais de recoller as reflexións xeradas, incluírá textos que complementen as conversas e os debates. Conta xa cun comité de cocreadores encargado de darlle forma ao programa de contidos e relatores do encontro, formado por persoeiros de diferentes eidos temáticos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Carta de Santiago, que contará cunha achega por parte da Xunta de Galicia de 300.000 euros, tal e como se reflicte no convenio de colaboración coa Fundación Paideia, pretende conectar este espazo de reflexión cos valores de universalidade, cordialidade e diálogo que caracterizan a identidade do Camiño de Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFORZA CON PRETO DE 2 M€ O TRABALLO CIENTÍFICO DOS INVESTIGADORES MÁIS EXCELENTES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O Consello autorizou unha axuda complementaria para os seis científicos con contratos do Consello Europeo de Investigación (ERC) que traballan na USC
- O Sistema universitario galego dispón actualmente de 11 investigadores con axudas ERC
- Tamén autorizou reforzar as axudas ás tres universidades públicas para sufragar os contratos dos investigadores Ramón y Cajal

A Xunta de Galicia continúa apoiando a investigación máis excelente no Sistema universitario de Galicia (SUG) ao reforzar cun total de 1.950.000 euros a actividade de seis científicos de referencia con axuda por parte do Consello Europeo de Investigación (ERC), que están desenvolvendo o seu traballo na Universidade de Santiago de Compostela (USC). As contías, que prevén un período de cinco anos (desde 2021 ata 2025), oscilan entre os 250.000 e os 400.000 euros para todo o período e varían en función das categorías.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC para achegar esta axuda complementaria de 1.950.000 euros co fin de que os investigadores principais beneficiarios dos programas convocados polo ERC -un Starting Grants (StG), catro Consolidator Grant (CoG) e un Synergy Grant (SyG)- poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación. Os destinatarios das axudas son Rubén Nogueiras (SyG), Martín Mañanás (CoG), Sebastián Villasante (CoG), Jacog Copeman (CoG), Ashwin Woodhoo (CoG) e Beatriz Pelaz (StG).

Desde o ano 2012, a Xunta vén asinando convenios coas tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) co fin de achegar unha axuda complementaria para que persoal investigador principal beneficiario das convocatorias dos programas ERC poidan crear ou consolidar o seu propio equipo de investigación en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste período, a Consellería de Educación leva achegado a esta acción un total de 3.875.000 € e beneficiado 16 investigadores das tres universidades públicas galegas. Contando cos seis deste convenio, actualmente no SUG desenvolven a súa actividade 11 investigadores premiados polo Consello Europeo de Investigación, a razón de nove na USC e dous na UDC.

Estas partidas complementarias do Goberno galego deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo dirixido polo investigador principal ERC, para pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico, para a adhesión a sociedades científicas, para a formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto, para os desprazamentos vinculados coa devandita actividade, para os investigadores visitantes e para a organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do coñecemento e información tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Cómpre lembrar que o ERC busca impulsar a longo prazo proxectos de científicos excelentes e apoia a creación de equipos para que realicen unha investigación innovadora e potencialmente moi rendible, pero de alto risco. Para conseguir o obxectivo de impulsar a próxima xeración de directores de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, o ERC concede subvencións ao programa Grant (Starting, Advance, Consolidator e Synergy), destinadas ao persoal con 2-12 anos de experiencia desde a finalización do doutoramento. Estas axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que os identifique como líderes no seu ámbito, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora e con proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos. O criterio único de avaliación é a excelencia científica da proposta.

Ramón y Cajal

Doutra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para o cofinanciar os contratos de sete científicos ao abeiro do subprograma Ramón y Cajal (RyC) das convocatorias do Ministerio de Economía e Competitividade correspondentes aos anos 2014 e 2015.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase dunha addenda de 12.750 euros que se engade ao convenio asinado en 2017 por un importe de 263.250 € para un período de cinco anos e que con esta inxección a maiores eleva o montante total a 276.000 €.

O obxectivo desta addenda é dotar de crédito a anualidade de 2022 para poder cofinanciar a totalidade dos contratos dos sete investigadores Ramón y Cajal (un da UDC, dous da USC e catro da UVigo) que están vixentes desde 2017 e por un período de cinco anos.

Ao abeiro desta acción, o Goberno galego axuda a cofinanciar os custos asociados á contratación do persoal investigador do Ramón y Cajal, cuxos salarios e cotas empresariais da Seguridade Social corren a cargo do Ministerio de Economía e Competitividade.

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos. A través do Programa de captación de talento, trátase de incentivar e apoiar accións de incorporación de científicos de alto nivel sen que iso comporte unha carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos onde desenvolvan a súa actividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 2,2 MILLÓNS DE EUROS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE AOS USUARIOS DOS SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACION NOS HOSPITAIS DO SERGAS

O Consello de Xunta de Galicia acaba de autorizar, na súa reunión semanal, a contratación do servizo de atención a usuarios de sistemas de información dos hospitais do Sergas de cada unha das áreas sanitarias, por un importe de 2.218.293 euros, para o período 2021-2022.

A dixitalización da actividade asistencial en toda a rede hospitalaria do Servizo Galego de Saúde exige que se garanta a calidade da prestación de atención ao elevado número de profesionais que, na actualidade, fan uso dos sistemas de información dentro dos centros hospitalarios de cada unha das áreas sanitarias.

Esta medida complementa as actuacións que a Consellería de Sanidade, a través da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, ten posto en marcha no eido da mellora continua da calidade das ferramentas informáticas que dan soporte a procedementos e procesos da actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 5,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE ECÓGRAFOS CON DESTINO AOS SERVIZOS DE RADIODIAGNÓSTICO DOS HOSPITAIS DO SERGAS

- Con esta contratación renóvanse ecógrafos nas sete áreas sanitarias

O Consello da Xunta autorizou a contratación da subministración de ecógrafos con destino aos servizos de Radiodiagnóstico dos centros sanitarios das sete áreas do Sergas, por un importe de 5.602.300 euros. O obxectivo desta compra é dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación, xa que a necesidade de realización de estudos ecográficos óptimos e de precisión nas distintas patoloxías ten un papel importante no seu prognóstico e seguimento.

Con esta contratación renovaranse os ecógrafos de diversos centros sanitarios da rede do Sergas, en concreto, na área de Ferrol, no Arquitecto Marcide; na área da Coruña e Cee, no Hospital Universitario da Coruña, no Materno-Infantil e no Centro de Especialidades do Ventorriño; en Santiago e Barbanza no Hospital Clínico, no Gil Casares e no Hospital da Barbanza; en Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, no Hula; en Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, no Hospital Cristal, no Santa María Nai e no Hospital de Valdeorras; en Pontevedra e O Salnés, no Montecelo e no Provincial e, en Vigo, no Álvaro Cunqueiro, O Meixoeiro e o Nicolás Peña.

A adquisición destes equipamentos forma parte do Plan de renovación e modernización do equipamento sanitario previsto para 2021, cos que acometer as renovacións integrais dos bloques cirúrxicos e dos equipamentos de alta tecnoloxía para o diagnóstico. Para este plan, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia destinan, no presente ano, un orzamento de 60 millóns de euros.

Froito dese plan xa se acometeron neste ano outras dúas licitacións: un investimento de 4,3 M€ para a adquisición de 37 equipos radiocirúrxicos (tres deles radiocirúrxicos vasculares) para os hospitais do Sergas e a adquisición de sete sistemas cirúrxicos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

robotizados Da Vinci para todas as áreas sanitarias que, precisamente, realizaron nesta semana as súas primeiras intervencións.

A subministración obxecto deste expediente de contratación é susceptible de financiamento ao 100 % no marco do eixo React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONTRATA 45 NOVAS PRAZAS PÚBLICAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA RESIDENCIA DE BAÑOS DE MOLGAS

- Distribuiranse entre as destinadas a persoas con discapacidade intelectual e as reservadas para aquelas que padecen un trastorno dual, é dicir, que engaden unha enfermidade mental asociada á propia discapacidade
- O contrato, que terá unha duración inicial dun ano prorrogable ata un máximo de cinco, contará cun orzamento total de 8 millóns de euros

O Consello da Xunta de Galicia avanzou hoxe a contratación de 45 novas prazas públicas en residencia para persoas con discapacidade intelectual no concello ourensán de Baños de Molgas, que se licitarán por un período inicial dun ano, prorrogable ata un máximo de cinco. O contrato entrará en vigor o 1 de novembro deste ano e o investimento, sumando prórrogas, ascenderá a preto de 8 millóns de euros.

Estas 45 novas prazas distribuiranse entre aquelas destinadas a persoas con discapacidade intelectual e as que padecen trastorno dual, é dicir, as que engaden unha enfermidade mental asociada á propia discapacidade.

O Goberno galego busca garantir que as persoas con discapacidade intelectual reciban unha atención de calidade vivan onde vivan. Neste sentido, estas prazas permitirán responder ás necesidades da poboación das zonas menos poboadas e ás características territoriais da nosa Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA AVANZA NO DESENVOLVEMENTO DE PROTOCOLOS PARA IMPULSAR A PRODUCCIÓN DE SEMENTE DE MOLUSCOS BIVALVOS EN CRIADEIROS

- O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para minimizar o impacto das patoloxías bacterianas en criadeiros de bivalvos
- A Xunta destina a esta colaboración máis de 162.000 euros para distribuír nas anualidades 2021, 2022 e 2023 coa finalidade de compensar os custos en que incorre a USC para o desenvolvemento dos traballos que abarca esta acción
- Esta colaboración concorda con outros traballos anteriores entre o Executivo galego e a universidade compostelá e busca mellorar o cultivo de semente en criadeiros para favorecer o abastecemento do sector e así incrementar a produción marisqueira e os ingresos dos profesionais do marisqueo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago (USC) para minimizar o impacto das patoloxías bacterianas en criadeiros de moluscos bivalvos, impulsar a produción de semente nestas instalacións e avanzar na posta a punto de procedementos microbiolóxicos de manexo en criadeiro. A esta colaboración o Executivo galego destina un total de 162.200 euros para distribuír nas anualidades 2021, 2022 e 2023 coa finalidade de compensar os custos en que incorre a USC para o desenvolvemento dos labores que abarca esta acción.

Este traballo pretende ao mesmo tempo integrar nunha única actividade por parte da USC o seguimento das actuacións microbiolóxicas nos cultivos de moluscos bivalvos realizado ao abeiro das accións de investigación despregadas nas distintas instalacións de cultivo da Consellería do Mar. Deste xeito búscase racionalizar a xestión destes labores.

O estudo centrarase no binomio fitoplancto-larvas como eixo principal para o control microbiolóxico do criadeiro de bivalvos e da dinámica dos patóxenos bacterianos co fin de minimizar o seu impacto no cultivo larvario dos distintos bivalvos. Esta determinación realízase tendo en conta os resultados de traballos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conxuntos anteriores entre ambas as partes, que reflicten que os principais patóxenos larvarios que limitan o avance da produción en criadeiro parecen estar asociados á instalación e/ou condicións de cultivo.

Con esa finalidade, a investigación abarca entre as súas tarefas o estudo de dificultades na produción nas instalacións de cultivo do Cima de Ribadeo e do Instituto de Formación en Acuicultura (Igafa), dependentes da Consellería do Mar, para detectar posibles patóxenos nas especies en diferentes etapas de cultivo. Tamén inclúe a análise global dos datos biolóxicos-microbiolóxicos integrados dos criadeiros do Cima de Ribadeo e do Igafa e o estudo de diferentes tipos de cultivo de fitoplancto, a súa incidencia e os factores que inflúen na proliferación do patóxeno. Entre os labores que prevé esta acción tamén están as estratexias no ciclo de produción que buscan optimizar os protocolos existentes e o deseño doutros novos segundo os resultados que se vaian obtendo.

Os avances deste proxecto presentaranse en congresos e reunións científicas e o convenio de colaboración estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023 e poderá ampliarse de mutuo acordo. Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo, crearase unha comisión de seguimento formada por dous membros da Consellería do Mar e outros dous da USC.

Aposta pola produción de semente

Esta acción de investigación concorda con outros traballos entre a Consellería do Mar e a USC como as colaboracións seladas no 2019 para estudar melloras na produción de semente en criadeiros e o desenvolvemento larvario dos bivalvos con ese mesmo obxectivo para favorecer o abastecemento do sector e así incrementar a produción marisqueira e os ingresos dos profesionais do sector.

Trátase dunha aposta que tamén se ve reflectida no proxecto proposto pola Consellería do Mar para captar fondos europeos Next Generation e que entre as súas accións prevé un plan integral de recuperación e reforzo da produción de moluscos bivalvos nas rías de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este plan ten entre os seus fins avanzar na coordinación dos esforzos e capacidades de investigación existentes neste ámbito e na aplicación demostrativa do coñecemento dispoñible asociado a estes recursos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REALIZA ESTE VERÁN 557 OBRAS DE MELLORA EN CENTROS EDUCATIVOS CUN INVESTIMENTO DE 30 M€

- Executaranse 53 grandes actuacións por importe de máis de 18,5 M€ e 504 actuacións de mediana e pequena envergadura co obxectivo de renovar patios ou facer melloras da accesibilidade, no marco do Plan de nova arquitectura pedagóxica
- Actuarase en máis da metade dos concellos de Galicia e en 400 centros públicos, con especial incidencia no rural e beneficiando preto de 150.000 alumnos
- Xeraranse arredor de 1.400 postos de traballo en máis de 630 empresas
- Este ano está previsto licitar ademais outras 84 actuacións por importe de preto de 39,5 M€ para executar no 2022
- Remátanse tamén outras 41 obras cun orzamento de máis de 17,3 M€

A Xunta de Galicia vai executar este verán un total de 557 obras en centros educativos por importe de 29.663.092,44 €, dando continuidade ao compromiso do Goberno galego coa mellora das condicións de benestar da comunidade educativa, ao abeiro por primeira vez do Plan de nova arquitectura pedagóxica e da folla de ruta para o deseño dos centros poscovid. O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en que se recollen estas actuacións que supoñen ademais unha importante reactivación económica. Neste sentido, as melloras que se realizan este verán supoñen a creación de arredor de 1.400 postos de traballo e a contratación de máis de 630 empresas.

As obras comprometidas divídense en grandes actuacións (principalmente rehabilitacións integrais e cambios de cubertas e carpintarías exteriores) e obras de mediana e pequena envergadura (ampliacións de espazos, melloras en patios, pequenas renovacións de fiestras, pintura, mellora da accesibilidade, etc).

O conxunto desta obra pública beneficiará arredor de 400 centros educativos situados en concellos das catro provincias galegas. Isto suporá actuar en máis da metade dos concellos de Galicia (58,7 %) e en aproximadamente o 40 % dos centros públicos, así como beneficiar preto de 150.000 alumnos (máis do 50 % dos matriculados en centros públicos).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Centros máis sustentables

Cun orzamento de máis de 18,5 M€, as grandes actuacións, un total de 53, suporán case na súa totalidade a mellora da eficiencia enerxética dos centros educativos. Non en balde, o Plan de nova arquitectura pedagóxica recolle entre os seus obxectivos acadar centros educativos máis sustentables, cunha maior calidade ambiental e cunha iluminación, acústica e consumo máis eficientes, así como máis integrados na súa contorna.

As actuacións inciden de xeito especial na renovación dos centros do rural. Por provincias, na da Coruña realízanse 18 obras, na de Lugo oito, na de Ourense catro e na de Pontevedra 23. Entre elas inclúense a cubrición da pista deportiva do CEIP Ben Cho Shey (O Pereiro de Aguiar, Ourense), a adaptación de espazos do IES Sánchez Cantón (Pontevedra), a reforma da instalación eléctrica do CIFP Universidade Laboral (Culleredo, A Coruña) e as rehabilitacións integrais (incluíndo a mellora da eficiencia enerxética) de oito centros que levan consigo un orzamento superior aos 5,6 M€: CEIP San Marcos (Abegondo, A Coruña), CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco, A Coruña), CEIP Virxe do Corpiño (Begonte, Lugo), CEIP Gregorio Sanz (Ribadeo, Lugo), IES María Sarmiento (Viveiro, Lugo), CEIP Virxe do Camiño (Rubiá, Ourense), CEIP Xoaquín Loriga (Lalín, Pontevedra) e CEIP de Portonovo (Sanxenxo, Pontevedra).

As 42 restantes actuacións, noutros tantos centros, céntranse na renovación de cubertas, carpintaría exterior, fachadas e obras accesorias, cun orzamento total de 12.209.929,09 €.

O importe medio por obra é de 350.140,4 €, aínda que, considerando só as oito obras de rehabilitación integral, o importe medio por actuación ascende a 707.221,6 €. A meirande parte destas obras están xa adxudicadas para iniciar neste mes de xullo. A previsión é telas rematadas neste mesmo ano 2021, agás as de rehabilitación integral, que teñen prazos de execución máis extensos.

Centros máis saudables

No caso das actuacións de mediana e pequena envergadura, unha das súas principais finalidades é avanzar nun modelo de centro educativo poscovid máis saudable, con espazos máis amplos. Non en balde, un 30 % das melloras que se realizan neste paquete se centran na reformulación e ampliación de espazos para acadar mellores condicións para as aulas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, o Plan de nova arquitectura pedagóxica ten entre as súas principais liñas de actuación o deseño de espazos máis fáciles de hixienizar e orientados á prevención de riscos, con estándares de confort con boa ventilación, maior amplitude, flexibles e adaptables ás necesidades educativas e para o traballo en grupo. Estes espazos e aulas deberán, así mesmo, ser inclusivos e garantir a accesibilidade de todos os membros da comunidade educativa.

Cun orzamento de máis de 11,1 M€, este paquete recolle 504 actuacións nas catro provincias galegas: 220 na da Coruña, 65 na de Lugo, 92 na de Ourense e 127 na de Pontevedra. Por tipoloxía, abranguen tanto a ampliación de espazos como as renovacións de caldeiras, pequenas reparacións (en cuberta, baños, cociñas, etc), reformas da instalación eléctrica, instalación de ascensores ou salvaescaleiras (mellora da accesibilidade e da inclusión), habilitación de aseos, reforma da rede de saneamento, renovación da instalación de fontanaría, etc.

O importe medio das obras é de 22.035 €, aínda que a que conta con maior orzamento ascende a 143.414 €. No referido ao estado de execución, moitas delas están xa executadas e o resto realizaranse ao longo do verán para telas listas no mes de setembro, de cara ao novo curso 2021/22.

Estrea de novos centros

Por outra banda, a Xunta de Galicia vai rematar e recibir este verán un total de 41 obras, cun orzamento de máis de 17,3 M€. Trátase de obras iniciadas no ano 2020 ou anteriores ás cales se lles están dando os últimos retoques este verán ou de actuacións que se van recibir en próximas datas, executadas en datas previas.

Entre elas figuran actuacións tan significativas como o novo colexio CEIP do Revel (Sanxenxo, máis de 4,5 M€), o novo colexio CEIP Sagrado Corazón (Lugo, máis de 4,2 M€), o novo Centro Galego de Innovación da FP (Ourense, que supón un investimento total de 9,9 M€ froito da colaboración da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense), a rehabilitación do IES Santa Irene (Vigo, máis de 1,1 M€) ou a rehabilitación integral do CEIP Frei Luís de Granada (Sarria, preto de 1,3 M€).

Próximas licitacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, a Xunta de Galicia ten previsto licitar neste ano 2021 un total de 84 actuacións que se executarán, fundamentalmente, no ano 2022. Estas obras teñen un orzamento previsto de 39.490.609,78 €.

Por provincias, 24 das obras realizaranse na da Coruña, 12 na de Lugo, nove na de Ourense e 39 na de Pontevedra.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade está analizando neste momento as prioridades e as necesidades dos centros para pechar o catálogo definitivo destas 84 actuacións. En calquera caso, entre elas está prevista a reforma integral do Conservatorio Superior de Música de Vigo, xa comprometida, e unha vintena de rehabilitacións integrais en centros educativos das catro provincias. O resto serán, fundamentalmente, melloras sectoriais centradas en áreas como as cubertas, as carpintarías exteriores ou a iluminación, entre outras.

Plan de nova arquitectura pedagóxica

Todas estas melloras execútanse ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica, que conta cun investimento de 191,3 M€ para esta lexislatura (2021-2024). Con este plan, Galicia vai ser pioneira no impulso dun novo modelo de escolas, con espazos flexibles, adaptados a calquera circunstancia, equipados e cómodos. Un novo modelo que dea resposta ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas, en definitiva, unha arquitectura con valor engadido, que se pon ao servizo das necesidades da educación do século XXI desde un punto de vista académico (retos tecnolóxicos e de inclusión), dotacional e de sustentabilidade.

Entre os obxectivos desta folla de ruta están os de acadar centros educativos intelixentes, deseñados para os retos tecnolóxicos de futuro, coa incorporación da intelixencia artificial e polos creativos (Espazos Maker); espazos máis amplos e saudables no contexto da pandemia e despois dela, e centros cunha maior función social e máis conectados coa contorna.

Así mesmo búscase unha maior sustentabilidade e eficiencia dos edificios, que deberán ser plenamente inclusivos e accesibles e estaren ben integrados na paisaxe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 434.000 EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID NA ÁREA SANITARIA DE FERROL

O Goberno galego abordou, na súa reunión semanal, un informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación, polo trámite de emerxencia, da adquisición de bens para facer fronte á pandemia da Covid na área sanitaria de Ferrol por un importe de 434.535 euros.

A maior parte deste investimento destínase a material de laboratorio e outro material sanitario, ao redor dos 323.000 euros, ademais de a material de limpeza e aseo, en torno a 62.000 euros.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da Covid que elaborou no seu día o Comité de Expertos no Seguimento do Coronavirus e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA OFERTA O MAIOR NÚMERO DE PRAZAS DO SEU REXISTRO HISTÓRICO PARA A FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA

- Serán un total de 543 prazas, 52 máis ca a oferta da anterior convocatoria
- O total do orzamento que o Sergas destinará no vindeiro ano aos gastos de formación de especialistas, incluída a totalidade dos residentes en formación, superará os 60 millóns de euros, financiados integramente con recursos da Comunidade Autónoma

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, acaba de informar, na reunión semanal do Consello da Xunta, da oferta de prazas para a convocatoria de probas selectivas 2021 para o acceso no vindeiro ano a prazas de formación sanitaria especializada para as titulacións universitarias de grao/licenciatura/diplomatura de medicina, farmacia, enfermaría e do ámbito da psicoloxía, a química, a bioloxía e a física. Esta oferta será en Galicia dun total de 543 prazas, a maior das convocatorias feitas ata o momento.

A oferta supón un incremento total de 52 prazas sobre a da anterior convocatoria, incluído un incremento de 9 prazas para a formación de especialidades relacionadas coa atención primaria.

A convocatoria acada o 100 % das prazas acreditadas na especialidade de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria e de pediatría, así como de especialidades relacionadas coa atención a pacientes Covid, como pode ser medicina interna, microbioloxía, medicina intensiva, pneumoloxía ou anestesioloxía e reanimación.

Sinalar, ademais, que se incorporan á convocatoria as once prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade neste ano. Cinco delas son prazas en servizos que obteñen a súa primeira acreditación (Neurofisioloxía no CH Universitario da Coruña, Microbioloxía, Medicina Intensiva e Anatomía Patolóxica no CH Universitario de Ferrol, e Alergoloxía no CH Universitario de Vigo). As outras seis correspóndense a incrementos de prazas en servizos con outras xa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acreditadas, como Oncoloxía, Radiodiagnóstico e Microbioloxía no CH Universitario da Coruña; Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo no CH Universitario de Santiago; e Hematoloxía e Medicina Física e Rehabilitación no CH Universitario de Vigo.

O total do orzamento que o Sergas destinará no vindeiro ano aos gastos de formación de especialistas, incluída a totalidade dos residentes en formación, superará os 60 millóns de euros, financiados integramente pola Xunta de Galicia.

Sinalar, ademais, que no ámbito específico da atención primaria, no momento de pecharse o prazo dado polo Ministerio de Sanidade para formular esta proposta de oferta de prazas polas comunidades autónomas, están pendentes de resolver, por parte do propio ministerio, as solicitudes de acreditación de catro prazas máis e de catro novos dispositivos para a formación de especialistas en medicina familiar e comunitaria en Galicia, e doutras 5 prazas de especialidades do ámbito hospitalario, prazas que non puideron ser incluídas polo Sergas nesta convocatoria por tal motivo.

Importante prestixio

A formación sanitaria especializada mediante residencia, popularmente coñecida como sistema MIR, no caso dos médicos residentes, goza dun importante prestixio e valoración e conta cos métodos obxectivos nos cales se pode avaliar a súa calidade como é o sistema de acreditación, que exige que calquera servizo ou unidade, para poder participar neste proceso de formación, deba estar previamente acreditado como unidade docente polo órgano directivo competente en formación sanitaria especializada do Ministerio de Sanidade e manter esa acreditación de acordo cos criterios que sexan fixados.

Da calidade de formación dos especialistas benefíciense directamente os cidadáns que reciben unha óptima prestación sanitaria de acordo cos niveis de capacitación dos nosos profesionais.

Ademais, do significativo incremento de especialistas en formación benefíciense os cidadáns, que poden recibir unha oferta máis ampla ao incrementarse o número de especialistas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso é necesario destacar a especial importancia do labor dos profesionais que colaboran coa docencia. O esforzo de xefes de estudo, titores e colaboradores docentes é imprescindible para que poida manterse a alta calidade na formación de especialistas.

Petición ao Ministerio dun rexistro nacional de profesionais

Para valorar as necesidades de especialistas a curto, medio e longo prazo, a Consellería de Sanidade conta co Sistema de información de profesionais sanitarios de Galicia, que é un elemento de xuízo para a elaboración da oferta, combinado coa valoración doutros factores como poden ser a evolución tecnolóxica, os cambios estruturais ou a implantación de novos programas sanitarios.

É necesario indicar que este sistema de formación é de cobertura nacional. É dicir, fórmanse especialistas nas distintas comunidades para todo o Estado, mesmo para os centros privados e incluída unha cota de formación de estranxeiros. Galicia continúa a demandar ao Ministerio de Sanidade que, igual ca na nosa Comunidade, se dispoña dun rexistro nacional de profesionais que poida orientar as necesidades de formación de especialistas e contribúa a solucionar os déficits de profesionais de determinadas especialidades. Este rexistro está comprometido polo Ministerio dende un acordo do Consello Interterritorial de Saúde do ano 2018, pero aínda non se dispón del.

A XUNTA DE GALICIA RECIBE CASE 1.000 SOLICITUDES PARA RECUPERAR UNHAS 21.400 HECTÁREAS XEOLOCALIZADAS AO ABEIRO DA MANIFESTACIÓN DE INTERESE DE PROXECTOS DO SECTOR PRIMARIO E AGROALIMENTARIO GALEGO

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural no cal se detallan as solicitudes recibidas de pequenas e medianas empresas e doutros interesados que queren optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo Goberno central

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Sobre esta demanda de terra, o 62 % das hectáreas solicitadas sería para a orientación produtiva gandeira, o 9 % para a orientacións agrícolas, o 7 % para forestais e o 22 % restante para explotacións mixtas
- A maiores destes proxectos, e á marxe da manifestación, as cinco denominacións de orixe vinícolas galegas solicitaron máis de 10.000 hectáreas para o desenvolvemento de polígonos agroforestais destinados a viñedo, que se levarán a cabo no marco da nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
- A convocatoria de manifestación de interese de proxectos autónomos é unha iniciativa de carácter non vinculante que permite identificar os interesados en participar nos proxectos tractores e transversais impulsados pola Xunta no marco do Polo para a transformación de Galicia
- Un destes proxectos tractor leva asociada a posta en produción de 18.000 hectáreas de terra abandonada no rural galego para usos agrícolas, gandeiros ou forestais, así como a posta en marcha de 200 aldeas modelo e, é por isto, que a Xunta puxo en marcha esta MDI para localizar a demanda de terra en Galicia

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural no cal se detallan as solicitudes recibidas a través da manifestación de interese de proxectos do sector primario e agroalimentario galego, así como doutros interesados neste eido. Así, a Xunta recibiu preto de 1.500 iniciativas -entre enquisas simplificadas e proxectos- de pequenas e medianas empresas que queren optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo Goberno central. De todas elas, un total de 994 indican a localización xeográfica da terra demandada e supoñen a posta en valor de 21.322 hectáreas.

Así, estas 21.322 hectáreas que puideron ser xeorreferenciadas no ámbito de concello permiten relacionalas coas superficies de terras en estado de abandono ou infrautilización e coas zonas preferenciais de actuación que se planificarán ao abeiro da nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Deste total, do informe, extráese que algo máis de 13.200 hectáreas demandadas son para a orientación produtiva gandeira. Destas, preto do 94 % da superficie, é dicir, máis de 12.400 ha, correspóndese

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con peticións de gandaría bovina, seguida pola ovina co 2,7 %, unhas 350 hectáreas.

Respecto da orientación produtiva, o informe recolle que máis de 1.900 hectáreas demandadas son para a orientación produtiva agrícola, das cales o 40,8 % corresponde con viñado (779,1 ha), seguida do 28,7 % para froiteiras (547,5 ha), o 8,4 % para cultivos forraxeiros (161 ha) e o 7,2 % para plantación de pataca (137 ha). No caso da orientación produtiva forestal demandáronse algo máis de 1.400 hectáreas e as variedades máis frecuentes son as frondosas caducifolias (369 ha) e as coníferas (344 ha). O resto de superficie demandada (máis de 4.700 ha) sería para explotacións que demandan terras mixtas, é dicir, para produción agrícola, gandeira ou forestal.

Análise da demanda de terra por concellos

Tras esta primeira revisión, constátase que existen demandas de superficie no ámbito de concello para 197 dos 313 concellos de Galicia. Os concellos con maior demanda de superficie na provincia da Coruña foron o de Dumbria (é o de maior demanda de superficie con 382 ha), Cerdido, Narón, Camariñas, Muxía e Arzúa. No tocante á provincia de Lugo, a demanda de terra céntrase no concello de Friol (este é o concello de Galicia con maior superficie demandada con 2.577 ha, das que 2.524 ha son para gandaría e 53 ha de orientación mixta), O Incio, Cervantes, Guitiriz, Becerreá e Begonte.

Xa na provincia de Ourense, os concellos de Avión e Beariz son os que presentan unha maior demanda (correspondente a unha única solicitude coa que suman 2.000 ha), seguidos dos de Viana do Bolo, Lobios e A Veiga. Finalmente, no tocante á provincia de Pontevedra, destacan os concellos de Rodeiro (é o de maior superficie demandada con 730 ha), A Estrada, Cerdedo-Cotobade, Silleda e O Rosal.

Doutra banda, cómpre sinalar que nesta primeira revisión da manifestación de interese, concluíuse que existe unha necesidade adicional de 213.101 hectáreas de terra agraria, que non puido ser xeolocalizada e, polo tanto, non foi posible relacionala coas terras que se mobilizarán cos instrumentos de recuperación de terras. Por este motivo, a Consellería do Medio Rural porase en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contacto cos solicitantes destas terras co fin de que precisen con maior exactitude a localización xeográfica das terras requiridas. Deste xeito poderán confrontarse estas necesidades coas terras que se mobilizarán a través dos instrumentos de recuperación que se poñan en marcha ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Superficie demandada polo sector vinícola de calidade

Tendo en conta o potencial do sector vitivinícola galego de calidade, a Consellería -á marxe da MDI- solicitoulle a cada un dos cinco consellos reguladores -Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra- que delimitaran xeograficamente os ámbitos propostos para o desenvolvemento de polígonos agroforestais destinados a viñedo acollido a cada DOP.

Así, o conxunto das cinco denominacións de orixe dos viños demandaron máis de 10.000 hectáreas, distribuídas en 2.230 ha para a DOP Rías Baixas, 1.434 para a DOP Ribeiro, 311 para a DOP Valdeorras, 407 para a DOP Monterrei e 5.781 ha para a DOP Ribeira Sacra. A recuperación desta superficie demandada polos consellos reguladores vinícolas levarase a cabo ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia co fin de reforzar estes selos de calidade mediante figuras de mobilización de terras.

Iniciativa de carácter non vinculante

Cómpre sinalar que a convocatoria de manifestación de interese de proxectos autonómicos é unha iniciativa de carácter non vinculante que permite identificar os interesados en participar nos proxectos tractores e transversais impulsados pola Consellería do Medio Rural ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo Goberno central, ao tempo que axudará a definir as liñas estratéxicas de actuación no rural galego.

Así, o obxectivo final deste plan nacional é a reactivación económica a curto e medio prazo e a transición cara a unha economía sustentable e resistente a longo prazo. Nesa liña, e no marco desta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

iniciativa, a Xunta presentou ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e ao de Industria, Comercio e Turismo o Polo para a transformación de Galicia como un proxecto transformador que promoverá o desenvolvemento de catro proxectos tractores e catro proxectos transversais, cos cales afrontar os catro grandes retos (transición ecolóxica, transición xusta, transición dixital e loita contra o despoboamento e o reto demográfico).

Precisamente unha parte destes proxectos tractores e transversais están dirixidos a apoiar o sector primario galego. De xeito específico, destaca o proxecto de biofábrica de fibras téxtiles sustentables -co obxectivo pechar o ciclo da transformación da madeira en Galicia- que suporá un forte impulso do noso sector forestal na liña que marca o Plan forestal 2021-2040 cara á neutralidade carbónica.

O Polo contempla tamén outro proxecto que procura a implementación dos instrumentos recollidos na nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia para promover a bioeconomía e a calidade de vida no noso rural. En concreto, este proxecto tractor leva asociada a posta en produción de 18.000 hectáreas de terra abandonada no rural galego para usos agrícolas, gandeiros ou forestais, así como a posta en marcha de 200 aldeas modelo. Por iso, a Xunta puxo en marcha esta manifestación de interese de proxectos autonómicos para localizar a demanda de terra en Galicia.

Por outra banda, a Consellería está preparando o Plan estratéxico para a execución dos fondos Feader no período 2023-2027, como base fundamental sobre a cal se asenta o deseño dos instrumentos de apoio e impulso por parte da Administración pública aos diferentes proxectos empresariais que se van desenvolver no sector primario e agroalimentario galego.

Deste xeito, a través desta convocatoria buscouse identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a definir as liñas de actuación no sector primario e agroalimentario galego, así como aquelas entidades interesadas en desenvolvelas, para garantir a eficacia tanto do Plan nacional como dos instrumentos de apoio e promoción a partir dos fondos Feader para o próximo período. Ao tempo, a información recollida permite visibilizar os proxectos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

promovidos por pequenas e medianas empresas, posibilitando deseñar fórmulas de financiamento ou outros mecanismos de apoio adecuados, así como os parámetros técnicos que deben rexer, de ser o caso, a avaliación ou selección das accións para acceder a tales mecanismos.

En concreto, preténdense identificar iniciativas que persigan o desenvolvemento do emprendemento no rural galego, dinamizando demográfica e economicamente as zonas rurais de Galicia, así como a mellora das explotacións agrarias para reforzar a súa sustentabilidade ou o impulso á bioeconomía. Tamén se quere promover a transición enerxética como panca de atracción de actividade e de poboación a partir da enerxía sustentable e accesible, utilizar novos modelos de negocio agroalimentario adaptados á economía verde e á transición ecolóxica e aumentar a produción orientada a produtos baixo selos de calidade diferenciada. A maiores, outra das finalidades é desenvolver proxectos do sector agroalimentario que atendan os compoñentes principais do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA SOLICITA A DECLARACIÓN DE GALICIA COMO ZONA OFICIALMENTE LIBRE DE TUBERCULOSE BOVINA

- O Consello da Xunta examinou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural en que se detalla esta solicitude e os obxectivos acadados grazas ao esforzo do sector e dos servizos veterinarios oficiais
- Este recoñecemento pídese para as provincias da Coruña, Lugo e Ourense, xa que no ano 2019 a provincia de Pontevedra foi declarada libre desta enfermidade bovina
- Galicia destinou desde o ano 2015 preto de 52 millóns de euros nas actuacións correspondentes aos programas de sanidade e produción animal, onde está incluído o Plan de erradicación da tuberculose bovina

O Consello da Xunta examinou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural polo cal se solicita a declaración de Galicia como zona oficialmente libre de tuberculose bovina para a totalidade do seu territorio, ao cumprir os requisitos establecidos para tal fin pola normativa europea de referencia.

Así, cabe sinalar que tal recoñecemento se pide para as provincias da Coruña, Lugo e Ourense, xa que no ano 2019 a provincia de Pontevedra foi declarada libre desta enfermidade bovina e foi a primeira provincia española non insular en acadar o estatuto de "provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina".

Neste senso, cabe sinalar que no ano 1990 -cando se comezou co Programa nacional de erradicación acelerada en España- a Comunidade galega partía dunha prevalencia de tuberculose de rabaño bovino superior ao 11,79 % (case 12 rabaños infectados por cada 100 revisados), sendo do 0,03 % en 2020 (0,03 % de rabaños infectados por cada 100 revisados). Estes datos dan proba de que Galicia traballou intensamente na erradicación desta enfermidade cumprindo sempre cos obxectivos epidemiolóxicos marcados pola Comisión Europea. Convén destacar que, na actualidade, a prevalencia doutras rexións do centro-sur do país é aínda similar á que existía en Galicia en 1990 e que, en 2020, a media nacional da prevalencia de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rabaño foi do 1,61 %, é dicir, oitenta veces superior á existente en Galicia ese mesmo ano.

A consecución do estatuto de Galicia como oficialmente indemne á tuberculose bovina suporá a identificación da nosa Comunidade como rexión do Estado, non só co maior censo de explotacións bovinas e líder no sector lácteo, senón tamén co maior estatuto sanitario en relación coas enfermidades suxeitas a programas oficiais de erradicación. Isto tradúcese nunha posición de clara vantaxe comercial nacional e internacional tanto no comercio de animais bovinos vivos coma dos seus produtos.

Ademais, se temos en conta a alta calidade produtiva e xenética dos animais bovinos galegos, coa consecución deste estatuto sanitario podemos afirmar que a cabana bovina galega está no primeiro posto no podio estatal, referente xa no mercado nacional.

Probas diagnósticas

En todas as explotacións bovinas de reprodución (de aptitude cárnica, leiteira ou mixta) realízase un diagnóstico anual específico (intradermotuberculinización) a todos os bovinos maiores de 6 semanas, así como aos cabrúns que convivan con eles, se for o caso. En Galicia, este diagnóstico corre a cargo de persoal veterinario acreditado e supervisado polos servizos veterinarios oficiais, de balde para o sector gandeiro, o que non ocorre actualmente noutras comunidades autónomas ou países da Unión Europea, onde este gasto é compartido. De feito, desde o ano 2015, a Consellería leva investido preto de 52 millóns de euros nos programas de sanidade e produción animal, onde está incluído o Plan de erradicación da tuberculose bovina, entre outros.

En caso dunha granxa onde existan animais sospeitosos, realízase un estudo epidemiolóxico individualizado, co obxecto de decidir o destino dos animais sospeitosos e as restricións a que deben ser sometidos os establecementos. No caso de baleiro sanitario, é dicir, o sacrificio de todas as reses da explotación, os gandeiros son indemnizados cunha axuda cofinanciada pola Unión Europea conforme o baremo que establece o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) na normativa estatal de referencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, cómpre salientar que, nestes casos, Galicia sufraga con fondos propios unha liña de axudas complementarias para a reposición de animais sacrificados obrigatoriamente e para compensar o lucro cesante naquelas explotacións sometidas ao baleiro sanitario.

Así, a Comunidade galega foi pioneira na implantación destas axudas complementarias -e case a única comunidade que as estableceu- e nelas radica un dos éxitos do programa de Galicia, xa que, de xeito xeral, as persoas gandeiras vían compensadas as perdas ocasionadas polos sacrificios obrigatorios dos animais. Neste senso, cabe sinalar que a Consellería do Medio Rural leva destinado nas últimas sete convocatorias anuais algo máis de 8 millóns de euros en axudas complementarias.

Galicia libre de brucelose

Respecto ás outras enfermidades animais graves, obxecto de programas nacionais de erradicación cofinanciados pola Unión Europea, no ano 2013 Galicia cumpriu os obxectivos epidemiolóxicos requiridos e foi declarada tamén "rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa". O resto dos territorios do Estado foron adquirindo paulatinamente este estatuto, de xeito que, recentemente, en marzo de 2021 (oito anos máis tarde que Galicia), a totalidade dos territorios do Estado acadaron ese estatuto.

En 2017, Galicia acadou tamén o estatuto de "rexión oficialmente indemne de brucelose bovina". De igual modo que aconteceu coa brucelose ovina e cabrúa, o resto de territorios do Estado foron obtendo paulatinamente este estatuto en brucelose bovina, na data actual unicamente unha provincia española está pendente de conseguilo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

